

XORNADA

# Mesa técnica para a xestión do ciclo urbano da auga

A Coruña

24 de febrero

Segunda circular



## PRESENTACIÓN

O abastecemento de auga potábel ás poboacións gañou centralidade no debate cidadán en todo o mundo nos últimos anos. A organización das Nacións Unidas recoñeceu en 2010 o acceso á auga potábel e ao saneamento como un dereito humano fundamental. Na Unión Europea, organizacións cívicas e sindicais promoveron a primeira Iniciativa Cidadá Europea exitosa para reclamar ás institucións europeas a regulación efectiva do dereito humano á auga. Un dos motivos principais de preocupación é a tendencia á privatización da xestión da auga. Desde os anos oitenta do século pasado produciuse un proceso silencioso de apropiación privada da auga con consecuencias negativas en moitas partes do mundo, o que provocou movementos de recuperación da xestión pública en cidades como París ou Berlín. O regreso ao control e á xestión pública dun servizo tan básico como a xestión da auga urbana é unha tarefa urxente en numerosos concellos, aínda que non exenta de dificultades que é preciso analizar.

Por outra banda, os efectos do cambio climático, e o deterioro do estado dos ecosistemas hídricos comprometen o futuro do abastecemento de auga potábel de calidade se non se toman medidas de prevención e redución das presións de extracción excesiva de caudais, e de contaminación. As dificultades para un abastecemento sostíbel da auga son especialmente importantes, das que a provincia é un bo exemplo. Os conflitos xurdidos nos últimos anos e a decisión de moitos concellos de comezar un proceso de xestión 100% pública supoñen un grande reto. Neste senso debemos debater sobre a eficacia, a eficiencia e a sustentabilidade da xestión da auga na cidade.

Finalmente é preciso abordar o importante reto de incorporar a participación cidadá na xestión da auga urbana, un aspecto fundamental para velar polo interese público, a transparencia, a garantía do dereito humano á auga e á aplicación de criterios sociais e ambientais na xestión da auga urbana.

## Obxectivos da xornada

O obxecto da mesa é constituír un espazo amplo de reflexión, debate e formulación de propostas arredor da xestión do Ciclo Urbano da auga, abordando os distintos modelos de xestión, os retos para unha xestión con criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social e a necesidade de incorporar a participación cidadá, que sitúe a xestión da auga urbana ao servizo e baixo o control dos cidadáns e das cidadás.

A Mesa está dirixida principalmente os e as responsábeis a nivel técnico e político da xestión da auga urbana (abastecemento e saneamento) a nivel tanto municipal como supramunicipal, así como a representantes das organizacións cidadáns interesadas nestes temas.

A asistencia é aberta e gratuíta (previa inscrición).

## Estructura e programa

O desenvolvemento da primeira xornada estrutúrase en dous bloques centrais ademais da presentación e o debate final. En cada un dos bloques, contarase con 3-4 relatores convidados ou relatoras convidadas. Para tales bloques centrais, elixiuse un formato áxil orientado a dinamizar o debate, no que a facilitadora lanzará sucesivamente unha serie de cuestións concretas os convidados e as convidadas, quen terán un breve tempo inicial para expor a súa visión de xeito moi sintético e, a continuación, abrirase o debate xeral sobre esta cuestión con todos os asistentes e todas as asistentes.

## PROGRAMA

9:00 - 9:15 h. Acollida de participantes.

9:15 - 9:30 h. Inauguración.

- Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde da Coruña.
- Jaime Castiñeira, responsábel da Empresa Municipal de Aguas da Coruña (Emalcsa).
- Jaime Morell, Secretario Xeral de Aeopas.

9:30 - 10:00 h. Presentación de la Jornada.

Luis Babiano. AEOPAS. Relatorio introdutorio. Situación da Galicia.

### BLOQUE I

10:00 - 11:15 h. Experiencias e retos para unha xestión do ciclo urbano da auga.

Relatores convidados e relatoras convidadas. Posíbeis relatores ou relatoras:

- Representante de Arteixo
- Rafael Sisto. Alcalde do Concello de Teo.
- Arturo Gómez Martínez, Subdirector de EMACSA (Córdoba). A xestión do servizo de augas de Córdoba.
- La gestión del servicio de aguas de Córdoba.
- Joaquín García Lucea. Concello de Zaragoza.

Modera: Gonzalo Marín. Red Auga Pública (RAP).

11:15 - 11:45 h. Pausa café.

### BLOQUE II

11:45 - 12:20 h. Participación e avaliación participativa da xestión.

- Miño Garrero Rodríguez. Presidente de Enxeñería Sen Fronteiras. Galicia e membro do Laboratorio de Enxeñería Cartográfica da UDC.
- Josep Lluís Henarejos. AMJASA/Ajuntament de Xàbia.

## PROGRAMA

### BLOQUE III

12:20-13:15 h. Experiencias supramunicipais de xestión da auga.

- Álvaro Giménez. Promedio-Deputación de Badaxoz.
- Emilio Pachón Aguas del Huesna.
- Albert Testart Consorci per a la Gestió D'aigües de Catalunya (CONGIAC).

Modera Enrique Ortega. Red Auga Pública (RAP).

13:15 - 13:40 h. A experiencia de EMALCSA como posíbel instrumento da axuda aos concellos.

- Jaime Castiñeira, Responsábel da Empresa Municipal da Augas da Coruña (Emalcsa).

13:40 - 14:30 h. Debate xeral.

16:00 - 16.30 h. Aspectos xurídicos e administrativos da remunicipalización.

- Eulalio Ávila. Ex-Presidente do Consejo General de Secretarios, Interventores y Tesoreros de la Administración Local.

16.30 - 17.30 h. Experiencias de Remunicipalización.

- María Sánchez. Concelleira de Medio Ambiente de Valladolid.
- Jaime Morell, Secretario Xeral de Aeopas.
- Emilio Pachón. Aguas del Huesna.

Modera: Miriam Planas. Aigua és Vida Catalunya.

17:30 - 18:15 h. A creación da Red de Ciudades por el Auga pública e o seu desenvolvemento en Galicia.

- Gonzalo Marín. Red Auga Pública (RAP).
- Alcaldes ou alcaldesas de Galicia.

### Solicitud de rexistro a xornada

Nome:

Apellidos:

NIF/CIF:

Empresa:

Dirección:

Código Postal:

Localidade:

Provincia:

Tlf. de contacto:

Cargo:

E-mail:

Enviar a: [comunicacion@aeopas.org](mailto:comunicacion@aeopas.org)

